



**CES**  
GALICIA  
Consello Económico e Social de Galicia


Ditame  
**3/23**



## DITAME

sobre o

**Anteproxecto de lei de promoción  
dos beneficios sociais e económicos dos proxectos  
que utilizan os recursos naturais de Galicia**



**APROBADO POLO PLENO O 4 DE DECEMBRO**



Todos os documentos do CES poden atoparse en

**[www.ces-galicia.org](http://www.ces-galicia.org)**

Manuel Martínez Varela, secretario xeral do Consello Económico e Social de Galicia,

CERTIFICO:

que o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, en sesión celebrada o día 4 de decembro de 2023, coa asistencia dos membros que de seguido se relacionan:

|                  |                        |
|------------------|------------------------|
| Presidente       | Manuel Pérez           |
| Secretario xeral | Manuel Martínez Varela |

#### GRUPO PRIMEIRO

|             |                                                                                                            |
|-------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CIG         | Miguel Malvido Cabirto<br>Susana Méndez Rodríguez<br>Hector López de Castro<br>Natividade López Gromaz     |
| CC.OO.      | Silvia Parga Rodríguez<br>Xesús Castro Baamonde<br>Carlos Pardo Pardo<br>Maica Bouza Seoane                |
| UGT-Galicia | José Carlos Rodríguez del Río<br>Olga Crespo Sánchez<br>José Luis Fernández Celis<br>Mar Alfonsín Madrigal |

#### GRUPO SEGUNDO

|     |                                                                                                                    |
|-----|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CEG | José Antonio Neira Cortés<br>José Manuel Maceira Blanco<br>Jaime Luis López Vázquez<br>Enrique Miguel Mallón Otero |
|-----|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

Laura Otero Rúa  
J. Ignacio López-Bachiller Fernández  
Cristina Rama Molinos  
Jorge Cebreiros Arce  
Francisco Cousa Cantos  
María Dolores Bello Nine  
David Martínez Alonso  
M<sup>a</sup> del Mar Barreiro Mariño  
Ana Belén Vázquez Eibes

#### GRUPO TERCEIRO

|                          |                                             |
|--------------------------|---------------------------------------------|
| UU.AA.                   | Jacobo Feijóo Lamas<br>Alba Torreira Puga   |
| SLG                      | Ramón Barreiro Carnota<br>Xosé Pérez Rei    |
| Confrarías               | José Antonio Pérez Sieira                   |
| Consumidores             | Rocío Arnoso Moure<br>Rosa Celia Otero Raña |
| Universidade da Coruña   | Ángel S. Fernández Castro                   |
| Universidade Santiago C. | Melchor Fernández Fernández                 |
| Universidade de Vigo     | José Luis Míguez Tabarés                    |

acordou emitir por maioría o ditame que literalmente se transcribe de seguido:

## ANTECEDENTES

---

1.- En data 22 de setembro de 2023 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame polo trámite de urxencia, o Anteproxecto de Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia

Este organismo resulta competente para o ditame deste anteproxecto de lei de acordo co previsto no artigo 5 da súa lei de creación (Lei 6/1995, de 28 de xuño). O devandito artigo establece entre as funcións que corresponden ao CES a de emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo, atopándose entre os primeiros aqueles que versen sobre *“Anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia (...)”*.

2.- O texto do anteproxecto foi remitido, nesa mesma data, á presidencia e aos membros da Comisión sectorial número 1, *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a posterior elaboración do correspondente ditame, co fin de iniciar os traballos de estudo sobre a devandita proposta. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente e aos demais membros do Consello da entrada de solicitude de ditame.

3.- O anteproxecto a ditaminar ven acompañado da Memoria funcional e económica, así como do informe de impacto demográfico, do informe da Secretaría Xeral de Igualdade e do informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, entre outros documentos.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 9/23, de data 26 de outubro, acordou aprobar a proposta de ditame e remítila á Presidencia do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 8/23, do 4 de decembro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

**DITAME**

**sobre o Anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.**

## ESTRUTURA E CONTIDO

---

Tal como se refire na exposición de motivos, esta Lei nace coa finalidade de asegurar a xestión responsable dos recursos naturais de Galicia de maneira que se protexa o ambiente, se cree riqueza e a riqueza creada impacte no territorio.

Este anteproxecto de lei consta dun título preliminar, 7 títulos, 6 disposicións adicionais, 1 disposición transitoria, 1 disposición derogatoria e 6 disposicións derradeiras.

No Título Preliminar: “*Disposicións xerais*”, artigo 1 a 6, recóllense unhas disposicións xerais sobre o obxecto da lei, así como desenvólvese o concepto de beneficios sociais e económicos. Neste Título tamén se prevé o desenvolvemento de indicadores cuantitativos que poidan permitir a valoración do impacto social e económicos dos proxectos.

No Título I: “*Valoración dos beneficios sociais e económicos de determinados proxectos*”, artigos 7 a 20, identifícanse os proxectos comprendidos nel, como os proxectos de produción de enerxía a partir de fontes renovables, os proxectos que requiren da concesión de augas para os usos que a lei determina, e os dereitos, concesión mineiras e proxectos de explotacións mineiros. O anteproxecto de lei prevé a integración da valoración de impacto social e económico na avaliación de impacto ambiental, nos proxectos cuxa autorización corresponda á Administración autonómica.

O Título II: “*Participación en sociedades e instrumentos de financiamento*”, artigos 21 a 30, regula a posibilidade de que a Administración autonómica participe en sociedades que teñan obxectivos compatibles cos previstos por esta lei, así como os posibles instrumentos de financiamento para os proxectos.

No Título III: “*Eólica mariña*”, artigos 31 a 44, créase o canon ás infraestruturas de evacuación de eólica mariña aplicable ao ámbito territorial da Comunidade

Autónoma de Galicia. Os ingresos derivados do dito canon destinaranse á conservación, reposición e restauración do ambiente.

O Título IV: *“Recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais”*, artigos 45 a 49, regula as actuacións para recuperar o territorio afectado polos incendios forestais e crea o Fondo de Recuperación de Incendios Forestais de Incidencia Singular.

O Título V: *“Proxectos de autoconsumo baseados en enerxías renovables nas áreas empresariais de Galicia”*, artigos 50 a 56. As normas contidas neste Título teñen como obxectivo fomentar a implantación de instalacións ou infraestruturas que contribúan ao autoconsumo, eficiencia enerxética e sustentabilidade das empresas instaladas en parques empresariais da Comunidade Autónoma.

No Título VI: *“Créditos de carbono”*, artigos 57 a 61, créase o Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia. Este sistema pretende facilitar as relacións entre os axentes que voluntariamente desexen vender os créditos de carbono xerados a través do desenvolvemento dos seus proxectos e aqueles que desexen adquirir ou utilizar os créditos de carbono para a compensación das súas emisións derivadas doutras actuacións.

O Título VII: *“Residuos biometanizables”*, artigos 62 a 64, indica que a Administración autonómica procurará a valorización integral dos residuos con alto potencial de biometanización xerados na Comunidade Autónoma, en especial, daqueles da titularidade da Sociedade Galega de Medio Ambiente, SOGAMA S.A.

## CONSIDERACIÓNS XERAIS

---

1.- O anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia pretende regular a utilización destes recursos atendendo a criterios ambientais e tamén a factores socioeconómicos que permitan despregar unha política ambiental xusta coa poboación e os territorios.

Para conseguir o devandito obxecto, establécese a valoración dos beneficios sociais e económicos nas avaliacións ambientais en proxectos de recursos naturais de competencia autonómica, dispóñense mecanismos para a participación pública en sociedades que desenvolvan actividades compatibles cos fins da norma, así como instrumentos para o seu financiamento, créase o canon á eólica mariña destinado a compensar aos concellos do litoral e o sector pesqueiro, fíxanse medidas sobre recuperación integral de territorio afectado por incendios forestais creándose un fondo para atender os incendios de incidencia singular, e impúlsase o autoconsumo enerxético nas áreas empresariais de Galicia e o uso de residuos para a xeración de biometano.

Os fins da proxectada normativa regúlanse no seu artigo 2:

- O impulso do desenvolvemento racional e sustentable do territorio de Galicia, mediante a xestión responsable dos recursos naturais e a protección do ambiente, de forma conciliada co desenvolvemento social e económico e procurando a cohesión territorial;
- A cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación de Galicia;
- O desenvolvemento equilibrado dos sectores e actividades comprendidos nesta lei.

O CES-Galicia comparte estes fins xerais do Anteproxecto.

O CES estima que este anteproxecto de lei conleva coa súa regulación moitas implicacións sociais, laborais e territoriais, polo que ten que motivar fondamente moitos dos aspectos que regula, xa que nalgúns aspectos xera dúbidas de que

a explotación dos recursos non teña un impacto negativo no emprego, na poboación e no territorio. A sinalada explotación dos recursos non pode estar só vinculada a unha cuestión de investimento ou tecnoloxía, senón que temos que poñer no mesmo nivel o emprego e protección social e a isto engádese a necesidade de reverter os beneficios económicos, sociais e laborais na poboación así como o respecto ao equilibrio territorial.

**2.-** En opinión do CES, a Lei debería contemplar algún mecanismo de participación institucional dos axentes sociais e económicos, polo que a súa participación e consulta os mesmos debería quedar ben reflectida.

**3.-** O CES considera que os proxectos que utilicen os recursos naturais de Galicia non só deben respectar o ambiente e a idiosincrasia dos lugares onde se asenten senón que deben garantir o saldo de emprego neto; é dicir, as novas actividades deben achegar tanto emprego e retorno económico e social como o que se poida perder pola súa implantación para garantir un nivel de vida digno á poboación.

**4.-** O CES entende que, para afondar aínda máis no desenvolvemento do establecido no Capítulo I do Título II (participación en sociedades que teñan obxectivos compatibles cos previstos por esta lei), podería estudiarse a posibilidade de crear ou potenciar as entidades existentes como Axencia Pública (nomeadamente o INEGA), para promover e participar societariamente en proxectos enerxéticos estratéxicos, xunto co sector privado, co obxectivo de obter o suministro enerxético para as empresas tractoras da economía galega.

**5.-** Entendendo que a execución dos proxectos debe procurar o maior beneficio social e económico, o CES entende que cando se fala de Integración do impacto social e económico nas avaliacións de impacto ambiental (que xa contan cunha

regulación propia) o impacto social e económico debería realizarse paralela e separadamente, e sen que isto supoña unha afección negativa nos tempos de tramitación.

Por tanto, debe separarse o impacto ambiental do socioeconómico. No social incorporárase a vertente de emprego, de acordo coa consideración sinalada ao art. 12, tendo en conta a posible afectación no emprego tanto nas actividades existentes como nas de nova creación.

**6.-** O CES considera necesario que se fagan análises socioeconómicas previos, separados do estudo de impacto ambiental, que valoren o impacto dos proxectos no ámbito local e do custo de oportunidade para a vida da poboación máis alá do que a norma recolla para as avaliacións de impacto ambiental.

As avaliacións de impacto ambiental son determinantes pero deben realizarse con rigor para evitar impactos na biodiversidade ou afectacións a outros usos (recreativos, agrícolas ou pesqueiros prioritarios...), con independencia de que xa existan zonas excluídas polas normas relativas a espazos naturais protexidos.

Nese sentido, deberían excluírse ou avaliar con moita cautela os sistemas de alto valor natural ou os ecosistemas agrarios ou pesqueiros produtivos ou con elementos de importancia para a biodiversidade, con independencia de que contén con figuras de protección específicas.

E, por suposto, todas as avaliacións de impacto ambiental deberían considerar con moito rigor a adopción de medidas de minimización do impacto dos proxectos na fauna e a flora, na paisaxe, nos elementos ambientais ou no patrimonio natural. En ningún caso é admisible que se rebaixen os estándares ambientais da normativa para permitir estas instalacións.

**7.-** O CES entende que o camiño máis adecuado que debería tomar o goberno galego é a regulación rigorosa das zonas onde se poden instalar este tipo de

proxectos, que deben realizarse cun axeitado consenso da veciñanza, impedindo a súa instalación nos lugares onde haxa elementos ou valores que protexer. Isto pasa por elaborar un novo plan sectorial eólico para todo o territorio galego e sometelo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, para adaptarse á Lei 21/2013 de Avaliación Ambiental.

A Lei debe protexer as terras e lugares dedicados ao abastecemento de alimentos, para priorizar a soberanía alimentaria sobre intereses industriais e enerxéticos.

En materia de parques eólicos, o camiño pasa por priorizar a repotenciación dos parques eólicos existentes sobre a construción doutros novos, tratando de aproveitar ou reforzar as liñas de evacuación existentes.

En canto á participación pública nos beneficios, debería seguir considerándose á figura dos parques eólicos singulares.

**8.-** O CES propón a creación dun observatorio galego de enerxía renovable para recadar, ordear e facer accesible e por en valor a información que se publica sobre a enerxía renovable dende moi diversas fontes.

**9.-** O CES considera que os parques eólicos deben ter unha axeitada fiscalidade. Para isto, revisarase o canon eólico fixado na Lei eólica de Galicia, tendo en conta o efecto da repotenciación dos parques existentes.

**10.-** No referente os mercados voluntarios de CO<sub>2</sub>, o CES entende que estes están a ter un rápido desenvolvemento na normativa europea, na que se está a traballar, existindo distintas iniciativas do Parlamento Europeo, das que se lle ven dando traslado á Comisión Europea.

Por elo, tendo en conta que os futuros compradores de dereitos de CO<sub>2</sub>, van a

demandar sistemas de certificación e medición homologables e coherentes en todo o conxunto da UE, non parece prioritario desenvolver sistemas propios de certificación da captación de carbono de ámbito autonómico, que quedarán moi probablemente inmediatamente obsoletos e descolgados da dinámica do mercado de valorización económica dos dereitos de captación de carbono.

**11.-** O CES considera que non é axeitado que se tramite no Parlamento de Galicia, coincidindo coa elaboración deste Ditame, unha norma na que se lexislan aspectos relacionados co contido do anteproxecto de lei obxecto de ditame, que desvirtúa o traballo encomendado a este Consello Económico e Social de Galicia.

## CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

---

### Exposición de motivos.

O Preámbulo do Anteproxecto de Lei menciona as pemes, pequenos inversores locais, grandes promotores, etc. O CES considera preciso facer tamén unha referencia expresa á economía social.

### Novo artigo.

Co obxecto de dotar de claridade á norma, o CES entende positivo incluír un artigo dedicado a Definicións. Entre outros, deberían aclararse conceptos como:

- “Zona de influencia” (artigo 4 b)
- “Novos investimentos” (artigo 4 d). Clarificar se alude a investimentos novos, noutras posibles actividades, ou a investimentos a maiores das actividades xa implantadas.
- “Sectores económicos estratéxicos” (artigo 4 k). Debería definirse cales son os sectores economicamente estratéxicos a efectos desta norma.
- “Incendio Forestal de Incidencia Singular”.

### Artigo 1. Obxecto da Lei.

O CES considera que no **apartado b)**, así como ao longo do texto, cando se fale de “*beneficios sociais e económicos*”, debería incluírse o impacto no emprego.

O CES bota en falta na redacción do **apartado c)** incluír a participación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do seu sector público directamente, ou a través de empresas mixtas, con control efectivo, en sociedades que teñan obxectivos compatíbeis cos previstos por esta lei.

O CES entende que se debería incluír un novo apartado no que se regulase a creación dunha Empresa Pública Galega de Enerxía que xestione as centrais hidroeléctricas cuxa concesión está vencida ou caducada e as que vaia vencendo ou caducando e, así mesmo, controle as participacións accionarias que ten ou vai ter a Xunta noutras empresas enerxéticas.

O CES considera oportuno que se inclúa como obxecto da lei a posta en marcha dun plan de desenvolvemento industrial que promova o peche dos ciclos produtivos en Galicia e aumente o valor engadido en sectores básicos da nosa economía.

#### **Artigo 2. Fins la lei**

O CES considera que se debería engadir un **novο apartado** no que se incluíse a necesidade dunha nova planificación enerxética pública ao servizo do pobo porque os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen, como un dos principios reitores da súa política social e económica, o dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra.

O CES estima que se debería de completar a redacción do **apartado b) do artigo 2** no senso de que a cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación galega debe realizarse apostando por un modelo enerxético sustentable e aproveitamento dos recursos naturais que non poña en perigo aqueles sectores de actividade que proporcionan alimentos básicos á poboación.

O CES considera que se debería engadir un **novο apartado** no que se incluíse como fin da lei o fomento do aforro e de eficiencia no consumo enerxético.

O CES considera que se debería engadir un **novο apartado** no que se incluíse como fin da lei o impulso das tecnoloxías de almacenamento de enerxía, nas proximidades das centrais térmicas, aproveitando a súa capacidade de evacuación eléctrica.

#### **Artigo 4. Concreción dos beneficios sociais e económicos**

O CES considera que no **apartado e)** debería modificarse a redacción para incluír como beneficio social e económico a creación e o mantemento de emprego neto na zona de implantación, entendido como o saldo do emprego

perdido nas actividades existentes e o creado nas de nova implantación.

O CES entende que cando no **apartado f)** se fai referencia aos negocios locais, se pon especial énfase nos relacionados coas “enerxías renovables” cando a lei alude en xeral a proxectos que utilicen recursos naturais de Galicia.

O CES considera que no **apartado l)** debería incluírse aos axentes sociais.

O CES estima que se debería de substituír o primeiro parágrafo do artigo 4, por un texto na liña do seguinte:

*Aos efectos desta lei, e tendo en conta os requisitos técnicos e económicos recollidos no Decreto 242/2007 da Consellaría de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, entenderanse como beneficios sociais e económicos, como mínimo e con carácter obrigatorio, os seguintes:*

Novos apartados a engadir ao principio (reordenar os outros posteriormente):

*a) A posta en marcha nos territorios afectados de proxectos de desenvolvemento económico ou plans industriais asociados aos proxectos presentados, relacionados coa produción ou extracción, segunda transformación e peche do ciclo produtivo para a súa comercialización, nos que se aproveite todo o valor engadido.*

*b) Compromisos adicionais de participación pública no capital social do proxecto, segundo as fórmulas establecidas no Decreto 242/2007.*

*c) Establecemento pola promotora do proxecto, no caso de ser de aproveitamento enerxético, dunha bonificación directa na factura eléctrica/térmica do 10% para as persoas consumidoras domésticas e dun 30% para as actividades económicas con domicilio (censadas) nos concellos afectados polas instalacións.*

*d) Feito de ter a sede social e fiscal na Galicia por parte das empresas*

*promotoras dos proxectos, facendo fronte ao pagamento de todos os tributos en Galicia.*

### **Novo artigo**

O CES considera que se debería incluír un **novo artigo**, no que se concretasen os compromisos de produción e emprego. Neste senso, o CES entende que as empresas que en virtude desta Lei, e regulamentos que a desenvolvan, reciban fondos públicos e no prazo de 5 anos reduzan o emprego e produción nunha contía determinada regulamentariamente sen as causas obxectivas das reguladas por lei, devolverán unha porcentaxe dos fondos recibidos e a totalidade dos importes tributarios dos que estiveron exentos. Ao mesmo tempo debe incrementarse até 10 anos o período durante o que as empresas que reciban fondos públicos deban manter as condicións e o emprego.

### **Artigo 5. Desenvolvemento de indicadores cuantitativos**

En coherencia coa consideración realizada ao artigo 4, o CES estima que se debería de redactar o **apartado 1** do artigo 5, incluíndo que a Administración autonómica desenvolverá e aplicará indicadores cuantitativos que, conforme o previsto ao regulado no artigo 4 desta Lei e as metodoloxías internacionalmente aceptadas para tal fin, poidan permitir a valoración do impacto social e económico dos proxectos.

O CES considera que no **apartado e)**, despois de “empregos directos e indirectos netos” debería engadirse “de calidade no ámbito local e”. En xeral, o CES entende que os indicadores deben medir o impacto nas zonas de implantación e non na Comunidade Autónoma, pois distorsionan as valoracións.

O CES estima que no **apartado m)** do artigo 5, a cifra prevista de exportación anual media non debería valorarse positivamente, baixo a idea de que se deberían fomentar proxectos que pechen o ciclo produtivo no noso territorio.

#### **Artigo 4. Concreción dos beneficios sociais e económicos e Artigo 5. Desenvolvemento de indicadores cuantitativos**

En relación aos indicadores de emprego xerado e riqueza, o CES considera que a variable PIB é significativa pero deberían valorarse outros indicadores como o valor engadido, os indicadores de renda, o impacto real nas rendas da cidadanía, da distribución da riqueza e permanencia desta riqueza no territorio de implantación dos proxectos.

#### **Artigo 7 bis. Vinculación dos proxectos**

O CES considera que os promotores dos proxectos enumerados no artigo 7, particularmente os relacionados coa produción de enerxía a partir de fontes renovábeis, os que requiran a concesión de recursos naturais e dereitos, consecucións mineiras e proxectos de explotación mineiros, asumirán a obriga para a súa aprobación, como condición esencial e necesaria de salvagarda do interese público, que estes vaian inescusabelmente unidos ao desenvolvemento das actividades con garantías de viabilidade e mantemento de emprego reguladas conforme aos artigos 4 e seguinte desta mesma Lei, non se podendo desvincular nin segregar en ningún caso.

#### **Artigo 10. Contido do estudo de impacto ambiental**

O CES entende que neste artigo hai unha falta de concreción de moitos conceptos que logo son claves para determinar a viabilidade dos proxectos. Nin sequera se recollen uns criterios básicos ou unha previsión de desenvolvemento regulamentario, o que se traduce en maior potestade discrecional da administración.

#### **Artigo 11. Efectos sobre os servizos ecosistémicos**

O CES considera que se debería de substituír o texto do **punto 1**, polo seguinte texto:

- *Todos os proxectos a instalar teñen que vir acompañados dun estudo da po-*

*sible perda dos servizos ecosistémicos que ocasionaría a instalación do proxecto solicitado así como a cuantificación económica destas perdas co fin de rexeitar ou adoptar unha ou varias das seguintes modalidades:*

No **apartado c)** do **punto 1**, o CES estima que se deberían concretar as partes que interveñen ou a participación prevista para as comunidades/institucións locais.

#### **Artigo 12. Consideración do impacto social e económico nos informes sectoriais autonómicos**

O CES entende que, en coherencia coa Consideración Xeral número 5 do presente Ditame, o impacto social, económico e de emprego deben ser valorados de xeito independente e por organismos especializados en cada materia.

#### **Artigo 17. Declaración de especial interese público social e económico dos proxectos de produción de enerxías renovables e as súas infraestruturas.**

O CES estima que no **apartado a).1** debería eliminarse o termo *discrecionalmente*, e incluír que sexa de acordo co artigo 4 e 5 desta lei.

O CES entende que o sistema de PPA tal como está configurado, non garante a vinculación dos centros de produción cos centros de consumo, pois non existe ningún requisito de distancia nin instalación concretos no ámbito do abastecemento que xustifiquen a vinculación duns proxectos cos outros. En consecuencia, a prioridade das PPA pode quedar desvirtuada ao non existir vinculación entre os proxectos.

En caso de que se xustifique que a actividade industrial está vinculada ao contrato PPA, os requisitos deberían modificarse no senso de:

2. a) 2.- 10 anos de PPA.

2. a) 4.- 80%

2.a) 5.- Engadir e sempre e cando durante a vixencia da PPA se manteña

*o emprego neto e produción nun mínimo do 85%.*

*- Novo apartado. Extinción e revogación da concesión/autorización do proxecto renovable e retorno á Empresa Pública regulada no artigo 1 f) durante os 10 anos de vixencia da PPA pecha o centro de traballo ou reduce o emprego e a actividade a menos dun 20%.*

#### **Artigo 18. Efectos da declaración de especial interese público social e económico dos proxectos de produción de enerxías renovables e as súas infraestruturas**

O CES estima que no **apartado 1** debería engadirse que, en calquera caso, o prazo para a declaración medioambiental nunca será inferior a un mes.

No último parágrafo do apartado debería engadirse un novo apartado no que se establecese a distancia mínima de até os 1.500 metros entre muíños eólicos e/ou vías de evacuación e os núcleos de poboación.

En coherencia co expresado neste Ditame, o CES solicita a eliminación do apartado 2 do artigo 18.

#### **Artigo 19. Fomento da obtención de beneficios sociais e económicos nas áreas en que se implantan proxectos que requiren a concesión de augas**

O CES considera que se debería de engadir no **apartado 1** que as traídas de augas veciñais primarán sobre calquera outro proxecto nas concesións que fosen solicitadas e non se poderán ver afectadas por proxectos de calquera outra índole. Dada a marxe de discrecionalidade que establece o sistema actual, o CES estima que deberían Incluírse tamén entre os criterios de elección dos anteprojectos a valoración dos seus beneficios sociais e económicos na forma que se estableza nos pregos de bases que deberán conter, como mínimo, os requisitos do artigo 4 apartados a), b), c), e d).

O CES estima que no segundo parágrafo do **apartado 4** do artigo 19, a redacción debería ser máis taxativa, de xeito que a Administración debería aprobar

e publicar guías orientativas nun prazo regulamentariamente establecido.

## **TÍTULO II - Participación en sociedades e instrumentos de financiamento**

O CES solicita que se motive a redución do límite mínimo de participación da Xunta de Galicia, a rebaixa do límite do 10% mínimo.

## **TÍTULO TERCEIRO**

O CES propón a substitución do actual Título Terceiro por *Título III: Canon ás infraestruturas asociadas e liñas de evacuación de instalacións de produción de enerxía*, eliminando todas as mencións á eólica mariña recollidas neste título.

### **Artigo 32.- Creación, natureza, obxecto e ámbito de aplicación**

En coherencia coa consideración anterior, este artigo debería ampliarse no senso seguinte:

*Co fin de contribuír a regular e preservar o ambiente, e especialmente velar pola xestión racional e sustentable do territorio, tendo en conta os seus valores ambientais, con carácter de ingreso compensatorio e natureza impositiva extrafiscal e real, créase o canon ás infraestruturas necesarias para a evacuación das instalacións de produción de enerxía existentes na actualidade e das que regula esta lei aplicable ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.*

### **Título IV- Recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais**

O CES solicita que se defina exactamente que é un Incendio Forestal de Incidencia Singular.

O CES considera que a recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais, unha materia que non encaixa co contido da presente lei e que debería regularse nas leis sectoriais específicas, tal como a Lei de Montes ou o texto do Anteproxecto de lei de loita integral contra os incendios forestais de Galicia actualmente en elaboración.

No que atinxe ás Actuacións financiadas mediante o Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular, o CES entende que deberían considerarse as actuacións que incentiven a xestión forestal sostible, promovendo a limpeza dos bosques como unha medida eficaz para a prevención dos incendios forestais asegurando a posterior xestión dos residuos forestais xerados.

**Artigo 45.- A recuperación integral do territorio afectado polos incendios forestais**

O CES considera que no **apartado e)**, debería engadirse ao final:

*Para tal fin, o Goberno galego poñerá en marcha, no prazo de 3 meses desde a entrada en vigor desta lei, coa participación dos sectores sociais e produtivos afectados, un plan estratéxico do uso agrícola, gandeiro, enerxético e forestal do monte galego, que garanta unha produción forestal sustentable, que poña en valor as especies autóctonas e aposte pola segunda transformación, con apoio a aquelas empresas que promovan produtos de calidade e deseño diferenciado.*

**Artigo 46. O Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular**

O CES considera que no **apartado 2** do artigo 46, debería incluírse que deberían ser escoitados, de ser o caso, os concellos, as comunidades de montes e/ou as súas organizacións.

O CES considera que no **apartado 3** do artigo 46, debería garantirse unha dotación pública suficiente do fondo de recuperación.

O CES considera que no **apartado 5** do artigo 46, debería, incluírse aos concellos, comunidades de montes e/ou ás súas organizacións dentro dos competentes para determinar a tipoloxía de actuación e as operacións concretas ás que estará destinadas o fondo.

**Artigo 48. Das achegas privadas ao Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por Incendios Forestais de Incidencia Singular**

O CES considera que, sen prexuízo da necesaria e suficiente dotación pública do Fondo, poderíase reducir a contía mínima das achegas privadas ao mesmo.

**Artigo 49. Comisións de Seguimento do Fondo de Recuperación do Territorio Afectado por incendios forestais de Incidencia Singular**

O CES considera que na nosa Comunidade Autónoma existen organismos de representación con competencias na materia, Consello Forestal de Galicia ou Consello Galego de Medio Ambiente, que poderían levar a cabo o seguimento do Fondo.

**Artigo 51. Normas de aplicación directa opara as instalacións ou infraestruturas para produción de enerxías renovables en áreas empresariais**

Hai aspectos dúbidosos na redacción do anteproxecto, que poden entrar en conflito con outras normas como a Lei do Solo, ordenanzas municipais existentes, Plan Xeral de Ordenación municipal, etc. Esta conflitividade pode plantexarse en materia de recuamentos, alturas máximas e edificabilidade. O CES considera que cando se regulan excepcións ao cumprimento da normativa xeral, deben clarificarse e concretarse adecuadamente.

**Novo artigo**

O CES considera que se debería incluír un **novo artigo** no que se regulase que as comunidades de montes veciñais en man común para o desenvolvemento das enerxías renovables, sen perder a súa tipoloxía, poderán actuar como co-

munidades enerxéticas locais.

#### **Artigo 55. Declaración de utilidade pública e interese social**

O CES considera que no artigo 55 debería incluírse que, para os efectos da expropiación, deberanse ter en conta na valoración o recurso renovable asociado e o tempo da súa explotación.

#### **Artigo 60.- Comité Técnico do Sistema voluntario de créditos de carbono**

O CES entende que se debería de modificar o **apartado 2** do artigo 60, de xeito que se inclúa que poderán tamén formar parte deste Comité as persoas representantes polas organizacións sindicais, sociais e empresariais que integren os organismos de representación institucional existentes nas consellerías competentes de acordo ao apartado 1 deste artigo.

#### **Título VII- Residuos biometanizables**

En relación á biometanización en Sogama, o CES estima que no uso de residuos para a xeración de biogás, en relación a fracción resto ten que primar que se cumpran os obxectivos da Directiva marco para o ano 2025, é dicir, na fracción resto a porcentaxe de residuos orgánicos ten que ser mínimo.

#### **Artigo 62. Valorización integral de residuos biometanizábeis**

#### **Artigo 63. Plans de biometanización dos residuos municipais de titularidade de Sogama ou dunha administración local**

O CES considera que no texto dos artigos 62 e 63, onde se refire a Sogama, deberían incluírse tamén ás Administracións locais que xestionan residuos.

#### **Artigo 64. Promoción de sistemas de valorización integral xunto con outros residuos**

O CES observa con preocupación a consideracións de “resíduos” respecto dos

“abonos” (naturais), incluídos como materia prima das futuras plantas de biometano. As explotacións que teñen problemas para a xestión dos seus xurros son explotacións postas en marcha sen base territorial, ou sen cunha base territorial suficiente.

As experiencias previas nesta materia non son alentadoras, con peche de plantas de procesamento e con proxectos con grandes problemas de sostenibilidade ecolóxica, ambiental e económica.

Por todo o sinalado, O CES propón a eliminación do artigo 64.

**Disposición Adicional Primeira: Consideración dos posibles efectos acumulativos e sinérxicos na EIA de proxectos de parques eólicos de competencia autonómica**

Tal como se observa en consideracións anteriores, termos como “*efectos significativos*” en relación aos proxectos, ou “*zona de influencia*” deberían ser definidos claramente.

En relación ao fraccionamento de proxectos, o CES entende que a Administración debería ter presente a concepción de fraccionamento establecida en consolidada xurisprudencia, para incorporala ao texto legal.

Neste sentido, a pesar da claridade coa que prohibe o fraccionamento no apartado 4, o contido do apartado 3 da disposición adicional abre a porta para facelo permitindo que varios proxectos compartan a mesma infraestrutura de evacuación, elemento que a xurisprudencia ten identificado como indicio de fraccionamento.

**Disposición Adicional Cuarta: Axilización de instalacións de recarga de vehículos eléctricos**

O CES entende que a Administración debería valorar a posibilidade de utilizar a Declaración responsable para as infraestruturas de recarga eléctrica

**Disposición Transitoria Única: Réxime de aplicación a procedementos de declaración de determinadas iniciativas empresariais en curso**

O CES considera que a eólica mariña representa unha oportunidade industrial que permitirá aplicar a experiencia dun sector xa referente a nivel mundial na cadea de subministración de fabricación de compoñentes, plataformas e estruturas, converténdose nun referente internacional e europeo en capacidades industriais e o conxunto da cadea de valor destas enerxías. Dita oportunidade é particularmente interesante en Galicia.

Ademáis do propio sector, outros sectores relevantes da economía que poderán beneficiarse, son:

- Utilización ou reconversión de infraestruturas portuarias, tanto para fabricación e montaxe de compoñentes, como para a súa utilización como portos de operacións.
- A construción naval, tanto para a fabricación ou montaxe de compoñentes e das plataformas, como para a fabricación de barcos específicos para as actividades de instalación e operacións mariñas.
- As empresas de enxeñería, universidades e centros de investigación.

Esta consideración efectúase no entendemento de garantir o mantemento da actividade doutras actividades empresariais, nomeadamente do sector pesqueiro, pola súa relevancia na economía da Comunidade Autónoma e en liña coa proposición non de lei aprobada polo Parlamento galego o 25 de maio de 2022.

**Disposición Derradeira Primeira: Modificación da Lei 9/2021**

Se ben consideramos que a redacción capta ben o traslado dos informes sectoriais aos interesados nos termos das últimas sentencias, o CES considera convinte facer unha referencia ao trámite de audiencia na redacción.

**Disposición derradeira segunda. Modificación da Lei 8/2009, do 22 de de-**

**cembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental**

O CES considera que os límites que se establecen aos trámites de infraestruturas de evacuación son o suficientemente amplos, polo que se deberían de eliminar as excepcións tanto a) de haber causa xustificada de non facelo doutra maneira, como b) e no caso de infraestruturas colectoras de novos parques eólicos.

**Disposición derradeira quinta. Desenvolvemento regulamentario**

O CES considera preciso establecer un prazo para o desenvolvemento regulamentario, especialmente ao longo do texto apréciase a mención a guías metodolóxicas e de avaliación dos beneficios sociais e económicos. Debería establecerse o compromiso dun prazo para a súa elaboración.

**Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital**

Vº e P.  
O PRESIDENTE  
Manuel Pérez Álvarez

O SECRETARIO XERAL  
Manuel Martínez Varela

## VOTOS PARTICULARES

---

**VOTO PARTICULAR** ao Ditame sobre o Anteproxecto de Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Subscrito polas seguintes organizacións:

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA**

**SINDICATO LABREGO GALEGO – COMISIÓNS LABREGAS**

En concordancia coas posicións defendidas polas nosas organizacións na Comisión Sectorial, facemos constar o noso voto particular respecto do ditame aprobado no Pleno do Consello Económico e Social nos seguintes apartados:

**PRIMEIRO.-** Manifestamos a nosa posición en contra do texto da consideración xeral primeira. Entendemos que o texto desta consideración debe ser o seguinte (**voto particular de substitución do texto**):

*Estimamos que este anteproxecto de lei conleva coa súa regulación moitas implicacións sociais, laborais e territoriais, polo que ten que motivar fondamente moitos dos aspectos que regula, xa que nalgúns aspectos xera dúbidas de que a explotación dos recursos non teña un impacto negativo no emprego, na poboación e no territorio. A sinalada explotación dos recursos non pode estar só vinculada a unha cuestión de investimento ou tecnoloxía, senón que temos que poñer no mesmo nivel o emprego e protección social e a isto engádese a necesidade de reverter os beneficios económicos, sociais e laborais na poboación así como o respecto ao equilibrio territorial.*

*En consecuencia, valoramos negativamente o anteproxecto de lei presentado.*

**SEGUNDO.-** Propoñemos o engadido dunha nova consideración xeral co seguinte texto (**voto particular de engadido de texto**):

*Consideramos que a presente norma, afonda na senda normativa iniciada coa Lei 5/ 2017, continuou coa Lei 9/2021. Así, o plantexamento da lei está feito para beneficio dunha serie de empresas en lugar da maioría da sociedade galega, responde máis ao interese particular das empresas que o interese xeral da poboación.*

**TERCEIRO.-** Propoñemos o engadido dunha nova consideración xeral co seguinte texto (**voto particular de engadido de texto**):

*Valoramos que esta norma vai supoñer máis inseguridade xurídica, xa que se están establecendo unha serie de criterios discrecionais por parte da administración pública galega para aprobar proxectos que afectarían a elementos ambientais protexidos.*

**CUARTA.-** Respecto do aprobado na consideración xeral co seguinte texto:

«O CES entende que, para afondar aínda mais no desenvolvemento do establecido no Capítulo I do Título II (participación en sociedades que teñan obxectivos compatibles cos previstos por esta lei) podería estudiarse a posibilidade de crear ou potenciar as entidades existentes como Axencia Pública (nomeadamente o INEGA), para promover e participar societariamente en proxectos enerxéticos estratéxicos, xunto co sector privado, co obxectivo de obter o suministro enerxético para as empresas tractoras da economía galega.»

Manifestamos a nosa desconformidade con dito texto e propoñemos o seguinte (**voto particular de substitución do texto**):

*Entendemos que debe ser o sector público, a través da creación dunha empresa pública de enerxía. o que lidere as iniciativas enerxéticas estratéxicas, xogando un papel central no aproveitamento destes recursos naturais. O obxectivo debe ser poñer os intereses do país por encima de calquera outro interese privado.*

**QUINTO.-** Respecto do aprobado na consideración xeral co seguinte texto:

«Entendendo que a execución dos proxectos debe procurar o maior beneficio social e económico, o CES entende que cando se fala de Integración do impacto social e económico nas avaliacións de impacto ambiental (que xa contan cunha regulación propia) o impacto social e económico debería realizarse paralela e separadamente, e sen isto que supoña unha afección negativa nos tempos de tramitación.

Por tanto, debe separarse o impacto ambiental do socioeconómico. No social incorporárase a vertente de emprego, de acordo coa consideración sinalada ao art. 12, tendo en conta a posible afectación no emprego tanto nas actividades existentes como nas de nova creación.»

Manifestamos a nosa desconformidade con dito texto e propoñemos o seguinte (**voto particular de substitución do texto**):

*Entendendo que a execución dos proxectos debe procurar o maior beneficio social e económico, consideramos que cando se fala de Integración do impacto social e económico nas avaliacións de impacto ambiental (que xa contan cunha regulación propia) o impacto social e económico debería realizarse paralela e separadamente, xa que de non facelo podería desvirtuarse a propia finalidade da avaliación de impacto ambiental.*

*Por tanto, debe separarse o impacto ambiental do socioeconómico. No social incorporárase a vertente de emprego. A consellería competente en materia de emprego debe valorar o impacto dos proxectos tendo en conta a posible afectación no emprego tanto nas actividades existentes como nas de nova creación.*

*O mesmo requirimento estenderase aos proxectos que non estean sometidos a avaliación de impacto ambiental e a aqueles nos que a competencia para a súa aprobación non sexa da Comunidade Autónoma.*

**SEXTO.-** Respecto do aprobado na consideración xeral co seguinte texto:

«O CES entende que o camiño máis adecuado que debería tomar o goberno galego é a regulación rigorosa das zonas onde se poden instalar este tipo de proxectos, que deben realizarse cun axeitado consenso da veciñanza, impedindo a súa instalación nos lugares onde haxa elementos ou valores que protexer. Isto pasa por elaborar un novo plan sectorial eólico para todo o territorio galego e sometelo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, para adaptarse á Lei 21/2013 de Avaliación Ambiental.

A Lei debe protexer as terras e lugares dedicados ao abastecemento de alimentos, para priorizar a soberanía alimentaria sobre intereses industriais e enerxéticos.

En materia de parques eólicos, o camiño pasa por priorizar a repotenciación dos parques eólicos existentes sobre a construción doutros novos, tratando de aproveitar ou reforzar as liñas de evacuación existentes.

En canto á participación pública nos beneficios, debería seguir considerándose á figura dos parques eólicos singulares.»

Propoñemos engadirlle o seguinte texto (**voto particular de engadido de texto**):

*En canto á enerxía hidroeléctrica, o mellor mecanismo para que a súa xeración reverta nas arcas públicas é a posta en marcha dunha empresa pública que vaia recuperando os encoros aos que lle finalice a concesión para explotalos directamente e con criterios de sostibilidade.*

**SÉTIMO.-** Respecto do aprobado na consideración xeral co seguinte texto:

«O CES propón a creación dun observatorio galego de enerxía renovable para

recadar, ordear e facer accesible e por en valor a información que se publica sobre a enerxía renovable dende moi diversas fontes.»

Manifestamos a nosa desconformidade con dito texto e propoñemos o seguinte (**voto particular de substitución do texto**):

*O CES propón a creación dun observatorio galego de enerxía renovable para que se dote de transparencia ás propostas, contratos e prezos perante ós afectados.*

**OITAVO.-** Respecto da consideración aprobada en relación co artigo 2 do anteproxecto propoñemos o seguinte engadido no seu inicio (**voto particular de engadido de texto**):

*O CES estima que se debería engadir un novo apartado e) Creación de emprego neto nos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.*

*O CES considera que se debería engadir un novo apartado no que se regulase que as institucións públicas galegas (Parlamento e Goberno galego) declararán o vento e o sol como recursos naturais e, na súa consideración de fontes de enerxía renovables no seu territorio, como dominio público galego co fin de condicionar a través dunha concesión a explotación do vento. A concesión administrativa será o mecanismo normativo para preservar o interese público sobre un recurso de dominio público galego. O uso do dominio público eólico e/ou do dominio público solar para a produción de enerxía eléctrica e/ou térmica en réxime de autoconsumo doméstico, en PeME, e en explotacións agrogandeiras do réxime especial, constitúe un uso común especial suxeito a declaración responsable.*

*O CES considera que se debería engadir un novo apartado no que se regulase que a enerxía e os recursos naturais son ben de titularidade pública galega e deben estar baixo o control público para garantir que a súa produción e xestión sexa xusta social e territorialmente.*

**NOVENO.-** Respecto do artigo 6 do anteproxecto propoñemos a seguinte consideración (**voto particular de engadido de texto**):

*Entendemos que se debería de eliminar o artigo 6 e incluír como beneficio económico e social os proxectos promovidos por empresas con domicilio social e fiscal en Galicia.*

**DÉCIMO.-** Respecto do artigo 7 do anteproxecto propoñemos a seguinte consideración (**voto particular de engadido de texto**):

*Estimamos que a correlación establecida neste artigo entre os usos agropecuarios e a concesión de augas parece ir dirixida a macroproxectos, con posibles problemas de sostibilidade e que entran en contradición co espírito da norma que como se regula no artigo 1 é o de promover o desenvolvemento sustentable do territorio galego.*

**DÉCIMO PRIMEIRO.-** Respecto do artigo 15 do anteproxecto propoñemos a seguinte consideración (**voto particular de engadido de texto**):

*Entendemos que, en coherencia coa Consideración Xeral número 7 do presente Ditame, o impacto social, económico e de emprego deben ser valorados de xeito independente e por organismos especializados en cada materia.*

**DÉCIMO SEGUNDO.-** Respecto do Título Primeiro. Capítulo V: Determinacións específicas para os proxectos comprendidos neste título, propoñemos a seguinte consideración (**voto particular de engadido de texto**):

*En coherencia coa Consideración Xeral número 9 do presente Ditame, entendemos razoable que para contemplar os efectos económicos e sociais dun proxecto, sexan escoitadas as consideracións das persoas que residan ou teñan algunha relación co entorno do proxecto en cuestión, e que o órgano que teña*

*que tomar decisións ao respecto, integre ditas consideracións na súa avaliación para determinar a viabilidade do mesmo.*

**DÉCIMO TERCEIRO.-** Respecto do artigo 20 do anteproxecto propoñemos a seguinte consideración (**voto particular de engadido de texto**):

*No inicio do artigo estimamos que se debería de establecer que a Xunta de Galiza desenvolverá integramente a Lei de ordenación da minaría de Galiza, con base en criterios de estabilidade e sustentabilidade, cumprimento dos requisitos ambientais e peche dos ciclos produtivos.*

*Consideramos que se debería de facer unha aposta pola potenciación no ámbito das distintas administracións públicas e ámbitos privados do uso do granito, pedra e lousa galega, impedindo a utilización de materiais procedentes de países que non cumpran as normas ambientais nin de protección da saúde das persoas traballadoras.*

**DÉCIMO CUARTO.-** Respecto do artigo 21 do anteproxecto propoñemos a seguinte consideración (**voto particular de engadido de texto**):

*Entendemos que no apartado 5 do artigo 21, debería recollese nos seguintes termos:*

*En todo caso dos proxectos que, pola súa relevancia vaia desenvolver a Xunta de Galiza a través das sociedades nas que participe, nos que sería socio principal ou maioritario, informarase ao Parlamento Galego, ao Consello Económico e Social e aos organismos institucionais de representación tripartita que corresponda (Comité Executivo de Enerxía, de Desenvolvemento Mineiro, de Política Industrial, do Consello de Economía e Competitividade), organismos que teñen xa establecido por lei quen están lexitimados a formar parte dos mesmos.*

**DÉCIMO QUINTO.-** Respecto do artigo 23 do anteproxecto propoñemos a seguinte consideración (**voto particular de engadido de texto**):

*Consideramos que se debería engadir un novo apartado neste artigo no que se regulase que as comunidades de montes veciñais en man común, por seren titularidades de carácter xermánico e estaren fóra do tráfico do comercio, non poderán formar parte das sociedades participadas.*

**DÉCIMO SEXTO.-** Respecto do artigo 45 do anteproxecto propoñemos a seguinte consideración (**voto particular de engadido de texto**):

*Propoñemos:*

*No apartado a) Engadir ao texto. Para tal fin estarán prohibidas por 10 anos as plantacións de eucalyptus nitens e de repoboacións con robinias, acacias, pawlonia e bambús, e outras especies invasoras.*

*No apartado b) Engadir ao texto. Así mesmo, aos 3 meses da entrada en vigor desta Lei aprobarase un Programa con tres grandes liñas. A primeira, de eliminación das plantacións ilegais en terras agrarias e bosques autóctonos. A segunda, de redución progresiva da superficie ocupada por eucaliptos e doutras especies exóticas invasoras presentes no monte galego: robinias, ailantos, cortaderías, calas, hortensias, bambús, crocosmias, etc. E a terceira, do establecemento dunha reserva ecolóxica do 50% de especies frondosas e autóctonas nas actividades e plantacións forestais propostas.*

*No apartado d) Engadir ao final. Así mesmo, aos 3 meses da entrada en vigor desta Lei aprobarase un Plan Galego de aproveitamentos forestais e peche do ciclo produtivo que atenda á promoción do ciclo completo da transformación da madeira en Galiza, a recuperación do tecido industrial dedicado aos distintos aproveitamentos forestais, con dotación económica suficiente para a promoción da produción de madeira de calidade e doutros produtos do monte, con apoio á investigación para unha industria forestal integral e sustentable,*

*fomento do aproveitamento da biomasa forestal só residual, fomento da silvicultura con madeiras de calidade e prohibición dos cultivos enerxéticos.*

*No apartado e) Engadir ao final. Para tal fin, o Goberno galego poñerá en marcha, no prazo de 3 meses desde a entrada en vigor desta lei, coa participación dos sectores sociais e produtivos afectados, un plan estratéxico do uso agrícola, gandeiro, enerxético e forestal do monte galego, que garanta unha produción forestal sustentable, que poña en valor as especies autóctonas e aposte pola segunda transformación, con apoio a aquelas empresas que promovan produtos de calidade e deseño diferenciado.*

**DÉCIMO SÉTIMO.-** Respecto do Título VI- Créditos de carbono, propoñemos a seguinte consideración (**voto particular de engadido de texto**):

*Consideramos que a normativa que contempla o anteproxecto debería garantir que os proxectos que estean dentro dos créditos de carbono non inclúan as plantacións de eucalipto e doutras especies exóticas invasoras como sumidoiros e carbono. Por outra banda, non deberán permitirse as repoboacións forestais sobre terreos queimados e limitarase as quendas de corta a un mínimo de 30 anos.*

*Finalmente, a vexetación do sotobosque debe ser contabilizada porque tamén captura CO<sub>2</sub>. Para o cálculo da captura do CO<sub>2</sub> das masas boscosas deberase ter en conta as funcións sociais e ambientais que levan adiante algunhas especie, como o destino final da madeira cortada.*

**DÉCIMO OITAVO.-** Respecto do artigo 59 do anteproxecto propoñemos a seguinte consideración (**voto particular de engadido de texto**):

*A referencia ao número 3 do artigo 52 non é correcta.*

*Entendemos que se debería de engadir que, independentemente do sistema*

*voluntario de créditos de carbono, a consellería competente en materia de montes procederá a cuantificar economicamente o valor da captura do CO<sub>2</sub> que levan adiante as masas boscosas e o sotobosque. Este valor económico retornaría aos titulares dos montes mediante subvencións de carácter finalista. Xa que logo, o destino destas axudas sería para:*

- Plantacións de frondosas autóctonas*
- Acadar un monte multifuncional e sustentable.*
- E na zonas de alta montaña ou zonas pouco poboadas, axudas directas aos seus moradores/as co fin de fixar poboación no medio rural.*

**DÉCIMO NOVENO.-** Entendemos que se deberían de incluír as seguintes Disposicións Adicionais (**voto particular de engadido de texto**):

*1.- As avaliacións de impacto ambiental que se realicen nos procedementos de autorización e concesión regulados nesta Lei deberán respectar:*

- A Directiva Ambiental Estratéxica (2001/42/CE), no referido á planificación sectorial eólica de Galiza;*
- As Directivas de Hábitats (92/42/CEE) e de Aves (2009/147/CE) no referido ás afeccións a hábitats e especies.*
- A Directiva Marco da Auga (2000/60/CE) no referido ás afeccións a masas de auga hifrófilas.*
- A Directiva 2003/4/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ao acceso do público á información ambiental, na tramitación dos procedementos administrativos relativos ás autorizacións de parques eólicos en Galiza.*
- Directiva 2011/92/UE, do Parlamento Europeo e do Consello do 13 de decembro de 2011 relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.*
- A declaración de interese público e social de calquera dos proxectos que regula esta lei, non poden deixar sen efecto nin excepciónar o cumprimento de tramitación ambiental.*

*2.- A autorización para os proxectos de parques eólicos de competencia autonómica e/ou estatal conforme a esta Lei non poderán tramitarse até que teña*

*lugar:*

- a aprobación dun novo Plano Sectorial eólico que substitúa o actualmente vixente e que manteña relacións con outros plans sectoriais, nomeadamente co Plan Sectorial de Ordenación das Áreas Empresariais de Galiza e as súas necesarias modificacións/revisións co obxectivo de maximizar o denominado consumo de quilómetro cero.*
- a aprobación polo Parlamento galego e pola Xunta de Galiza da ampliación da Rede Natura 2000 até acadar o 27% da superficie terrestre de Galiza.*

*3.- No prazo de 3 meses, desde a entrada en vigor desta Lei, e antes de outorgar ningunha nova concesión de auga, a Xunta de Galiza entregará no Parlamento galego unha auditoría independente para identificar a relación completa das concesións hidroeléctricas en Galiza, con información do inicio da concesión, da posta en marcha, das prórrogas se as houbo e cal foi o motivo, da data de remate da concesión e dos compromisos adquiridos polas empresas concesionarias. Ademais, con carácter previo a calquera nova concesión, deberán de estar finalizados os procedementos de reversión ou recuperación de instalacións hidroeléctricas ao patrimonio público, daquelas que o resultado da auditoría teñan rematada a súa concesión.*

*4.- O Goberno galego, dentro do exercicio das súas competencias nas materias que son obxecto e fin desta lei, e mentres non asuma as plenas competencias, promoverá e defenderá nos órganos de coordinación coas administracións públicas, en concreto coa Administración Xeral do Estado, as actuacións necesarias de cooperación que permitan a posta en práctica do contido íntegro desta Lei nos aspectos ambientais, sociais e de emprego, para ser aplicadas tamén nos ámbitos competencia do Estado na tramitación de todo tipo de proxectos, garantindo o beneficio para o pobo galego dos proxectos que utilizan recursos naturais de Galiza.*

*5.- O Goberno galego, dentro do exercicio das súas competencias nas materias que son obxecto e fin desta lei, e mentres non asuma as plenas competencias, promoverá e defenderá nos órganos de coordinación coas administracións públicas, en concreto coa Administración Xeral do Estado, as actuacións necesas-*

*rias de cooperación en relación á natureza xurídica e obxecto do canon regulado no Título III, co fin de que non se poida repercutir nos recibos eléctricos a través dos suplementos territoriais nin poida ser de aplicación o artigo 16.4 e 17.6 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico.*

*6.- No prazo de 3 meses, desde a entrada en vigor desta Lei, o Goberno galego aprobará un regulamento para o desenvolvemento do Título sexto.*

**VIXÉSIMO.-** Respecto da Disposición Transitoria Única do anteproxecto propoñemos a seguinte consideración (**voto particular de engadido de texto**):

Consideramos que se debería incluír que os poderes públicos galegos (Parlamento Galego e Goberno galego) dentro do exercicio das súas competencias nas materias, e mentres non asuma as plenas competencias, promoverá e defenderá nos órganos de coordinación coas administracións públicas, en concreto coa Administración Xeral do Estado, as actuacións necesarias de cooperación que permitan declarar a Galiza libre de eólica mariña e retirada polo Goberno español dos POEM porque a preservación dos caladoiros de pesca e dos corredores ecolóxicos mariños están en perigo.

**VIXÉSIMO PRIMEIRO.-** Respecto da Disposición Derrogatoria Única do anteproxecto propoñemos o seguinte (**voto particular de engadido de texto**):

Débase incluír unha Disposición Derrogatoria Única que queda derrogado o Decreto 102/2023, do 15 de xuño, polo que se regulan as entidades de colaboración ambiental e se crea o Rexistro de Entidades de Colaboración Ambiental da Comunidade Autónoma de Galiza e o Banco de persoas expertas en avaliación ambiental.

### **Voto particular**

**que presenta a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) ao Ditame ao Anteproxecto de Lei de beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.**

### **Trámite do ditame preceptivo do Ces-Galicia. Debate no Pleno do Ces na súa sesión do 4 de decembro de 2023**

Os conselleiros do Grupo Segundo, integrado polos representantes da Confederación de Empresarios de Galicia, discrepan de parte dos contidos do Ditame aprobado polo Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión do 4 de decembro de 2023.

Esta discrepancia refírese exclusivamente ás consideracións xerais e particulares que se mencionan a continuación e sen prexuízo da valoración positiva das emendas aprobadas na devandita sesión do Pleno por canto, entre outros aspectos o texto da Consideración xeral 1 modificouse para incluír unha referencia a que o Ces-Galicia comparte os fins xerais do Anteproxecto estipulados no art. 2 do mesmo; en canto á Disposición transitoria única tense modificado a referencia á declaración de Galicia como “libre de eólica mariña”, optándose por unha redacción na liña da convivencia con outras actividades. Ademais disto, modificáronse moitos dos redactados que manifestaban unha posición contraria á iniciativa e empresa privada.

## **CONSIDERACIÓNS XERAIS**

### **Consideración xeral 1**

O Grupo segundo considera que debера terse eliminado ou modificado o último parágrafo desta Consideración Xeral, pois establece unha cautela ou unha prevención que non ten en conta os fins e contido da proxectada normativa, precisamente o que pretende a norma é cuantificar os beneficios económicos e sociais dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia. Dado que

este é o fin pretendido pola norma non se comparte a necesidade de reflectir nesta consideración unha visión cautelar que descoñece precisamente os fins regulados no Anteproxecto.

Texto alternativo proposto:

O CES estima que este anteproxecto de lei conleva coa súa regulación moitas implicacións sociais, laborais e territoriais, e contribúe á transición xusta; neste sentido cobra especial importancia que se considere a creación de emprego neto como un dos beneficios sociais e económicos que deben valorarse para a autorización dos proxectos.

### **Consideración xeral 3**

Compartindo a necesidade de incrementar o emprego neto o grupo segundo considera que esta valoración debe incluírse na avaliación dos beneficios económicos e sociais como un parámetro desta. En todo caso deberá predicarse que o saldo neto teña en conta tamén o ámbito de toda a Comunidade galega, isto sen prexuízo de compartir a necesidade de establecer medidas que promovan especialmente a creación de emprego no eido máis cercano e local aos proxectos que empreguen recursos naturais.

O artigo 4 do Anteproxecto xa establece entre o listado de beneficios sociais e económicos que interesa destacar a estes efectos os seguintes:

- a)A promoción da mellora das condicións de vida das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos e o fomento da súa cohesión local e territorial.
- e)Fomento da creación e o mantemento de emprego directo e indirecto na construción, desenvolvemento e operación do proxecto, no contorno do proxecto ou na Comunidade Autónoma, tendo en conta especialmente a creación de emprego cualificado na área de implantación, e o fomento do emprego feminino.
- f) O desenvolvemento de negocios locais, especialmente dos relacionados directa ou indirectamente co sector das enerxías renovables.

Como se pode apreciar hai unha referencia á promoción da mellora das con-

dición de vida e creación de emprego no ámbito de influencia dos proxectos, pero tamén se inclúe a posibilidade de avaliar o impacto tendo en conta o territorio da Comunidade Autónoma. En canto ao emprego directo e indirecto neto figura como indicador no artigo 5. 2 e) na redacción do Anteproxecto.

Novo texto proposto:

O CES considera que os proxectos que utilicen os recursos naturais de Galicia non só deben respectar o ambiente e a idiosincrasia dos lugares onde se asenten senón que deben garantir o saldo de emprego neto especialmente no eido local e sen prexuízo de valorar tamén o ámbito autonómico; é dicir, as novas actividades deben achegar tanto emprego e retorno económico e social como o que, se é o caso, se poida perder pola súa implantación para garantir un nivel de vida digno á poboación, o que debe terse en conta a hora de facer a valoración dos beneficios sociais e económicos dos proxectos.

#### **Consideración xeral 6**

Esta consideración enfoca a necesidade de facer análises socioeconómicos previos, mención que alongaría a tramitación administrativa. Por outra banda estes análises xa están previstos na norma, pero non con ese carácter previo. Asemade parte da visión de que a norma rebaixará os estándares ambientais, cuestión que o Grupo segundo non comparte.

Por estes motivos o Grupo segundo solicitou a súa supresión.

#### **Consideración xeral 7**

A elaboración dun novo proxecto sectorial eólico podería retrasar a implantación de novos proxectos empresarias e incluso afectar aos que están en marcha, isto retrasaría o cumprimento dos obxectivos de neutralidade climática e descarbonización.

Por outra banda a repotenciación dos parques eólicos debe convivir coa posibilidade da posta en marcha de novos parques eólicos.

En canto aos parques eólicos singulares a norma proxectada non limita a par-

ticipación pública aos parques que reúnan os requisitos establecidos para parques singulares. A visión da proposta de ditame límítase a valorar este tipo de proxectos postergando os demais.

Novo texto proposto:

En materia de parques eólicos, debe tratar de promoverse a repotenciación dos parques eólicos existentes, tratando de aproveitar ou reforzar as liñas de evacuación existentes.

En canto á participación pública nos beneficios, tamén podería seguir considerándose a figura dos parques eólicos singulares.

#### **Consideración xeral 9**

Por parte do grupo segundo considérase a necesidade da supresión desta consideración tendo en conta que os parques eólicos xa contan cunha regulación fiscal suficiente; non se comparte a necesidade de revisión do canon eólico fixado na Lei eólica de Galicia. A proposta descoñece a natureza do canon dado que o feito imponible está regulado pola xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos, pero non sobre a potencia de xeración de enerxía.

#### **Consideración xeral 11**

Considérase inaxeitado facer referencia neste procedemento de Ditame do CES a unha norma coñecida polos medios de comunicación. A valoración da posible modificación da normativa a través da Lei de acompañamento excede do ámbito deste Ditame.

En todo caso, as consideracións deste ditame deben facerse tamén aos artigos da mesma que se reproduzan noutras normas xurídicas.

## CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Artigo 1 obxecto da Lei. Supresión dos parágrafos que se mencionan a continuación.

O grupo segundo non comparte os seguintes parágrafos da consideración particular ao artigo 1:

O CES bota en falta na redacción do apartado c) incluír a participación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do seu sector público directamente, ou a través de empresas mixtas, con control efectivo, en sociedades que teñan obxectivos compatíbeis cos previstos por esta lei.

Na norma proxectada xa está prevista a regulación da participación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do seu sector público en sociedades que teñan obxectivos compatibles cos previstos pola lei. Esta mención inclúe unha expresión “con control efectivo” que vai máis aló da normativa actual.

O CES entende que se debería incluír un novo apartado no que se regulase a creación dunha Empresa Publica Galega de Enerxía que xestione as centrais hidroeléctricas cuxa concesión está vencida ou caducada e as que vaia vencendo ou caducando e, así mesmo, controle as participacións accionariais que ten ou vai ter a Xunta noutras empresas enerxéticas.

O grupo segundo non comparte a necesidade de creación de empresas públicas para a xestión enerxética. Ademáis esta proposta non ten encaixe legal no marco da libre competencia e principio da liberdade de empresa da UE. O marco actual considérase suficiente.

Debe sinalarse que o Pleno do Ces aceptou a eliminación dunha consideración xeral que ía no mesmo sentido do redactado nesta consideración particular, polo que por coherencia debéra terse eliminado.

### **A artigo 2 Fins da Lei.**

En canto á creación de Emprego neto nos proxectos o Grupo segundo considera que a valoración dos efectos no emprego xa figura incorporada no artigo 4, entre o listado dos beneficios socioeconómicos a valorar. Loxicamente a valoración da creación de Emprego neto deberase realizar tendo en conta impacto do proxecto no entorno local e na Comunidade Autónoma. Se o que se pretende é avaliar só o impacto no entorno limitaría a valoración dos efectos sinérxicos no conxunto da Comunidade Autónoma.

Novo texto proposto:

O CES estima que se debería engadir un novo apartado e) Creación de emprego neto nos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia tendo en conta o impacto na contorna local e no ámbito autonómico.

O CES considera que se debería engadir un novo apartado no que se incluíse a necesidade de instar ao Estado a plena participación da Comunidade Autónoma na planificación enerxética.

O CES estima que se debería de completar a redacción do **apartado b)** do artigo 2 no senso de que a cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación galega debe realizarse apostando por un modelo enerxético sustentable.

O CES considera que se debería engadir un **novo apartado** no que se incluíse como fin da lei o fomento do aforro e de eficiencia no consumo enerxético.

O CES considera que se debería engadir un novo apartado no que se incluíse como fin da lei o impulso das tecnoloxías de almacenamento de enerxía, que incluíría tamén as proximidades das centrais térmicas, aproveitando a súa capacidade de evacuación eléctrica.

### **Ao artigo 4.**

Con respecto á modificación proposta no Ditame cabe sinalar o seguinte:

A valoración dos efectos económicos e sociais sobre o Emprego está incluída no art. 4 e) pero o fai cunha redacción que permite valorar non só o emprego na contorna senón que tamén na Comunidade Autónoma. Polo tanto esta redacción da proposta de Ditame é máis restritiva que a prevista no texto do anteproxecto.

Por outra parte os indicadores de empregos netos xa figuran na letra e) do artigo 5:

e) Fomento da creación e o mantemento de emprego directo e indirecto na construción, desenvolvemento e operación do proxecto, no contorno do proxecto ou na Comunidade Autónoma, tendo en conta especialmente a creación de emprego cualificado na área de implantación, e o fomento do emprego feminino.

En canto ao apartado f) na redacción do Anteprojecto este non se limita ás enerxías renovables, senón que fai unha mención especial a estas, que é correcta en opinión do Grupo segundo.

Por outra parte non podemos estar de acordo cos novos apartados a engadir por canto se establecen como mínimo e con carácter obrigatorio o que dificultaría a implantación dos proxectos tendo en conta ademais os ámbitos que abrangue o anteprojecto regulados no seu art. 7. Asemade o texto do Anteprojecto xa ten en conta a redución dos custos de enerxía e da dependencia enerxética das persoas consumidoras locais e industrias situadas no ámbito de influencia dos proxectos ou da Comunidade Autónoma na valoración dos efectos sociais e económicos dos proxectos.

O feito de esixir a sede fiscal e social en Galicia das empresas promotoras contradí o principio de non discriminación regulado no artigo 6.

Novo texto proposto:

O CES considera que no apartado e) debería modificarse a redacción para incluír como beneficio social e económico a creación e o mantemento de emprego neto na zona de implantación e no eido da Comunidade Autónoma, entendido como o saldo do emprego perdido nas actividades existentes e o creado nas de nova implantación.

O CES entende que cando no apartado f) se fai referencia aos negocios locais, se pon especial énfase nos relacionados coas “enerxías renovables” cando a Lei alude en xeral a proxectos que utilicen recursos naturais de Galicia.

O CES considera que no apartado l) deberían incluírse aos axentes sociais.

O CES estima que se debería de substituír o primeiro parágrafo do artigo 4, por un texto na liña do seguinte:

Aos efectos desta lei, se deben ter en conta especialmente como beneficios sociais e económicos, os seguintes:

Novos apartados a engadir a principio (reordenar os outros posteriormente):

a) A posta en marcha nos territorios afectados de proxectos de desenvolvemento económico ou plans industriais asociados aos proxectos presentados, relacionados coa produción ou extracción, segunda transformación e peche do ciclo produtivo para a súa comercialización, nos que se aproveite todo o valor engadido.

b) Establecemento pola promotora do proxecto, no caso de ser de aproveitamento enerxético, dunha bonificación directa na factura eléctrica/térmica, incluíndo especialmente as persoas consumidoras e as actividades económicas dos concellos nos que se implanten as instalacións

#### **Novo artigo.**

En canto ao novo artigo que se propón no Ditame o grupo segundo tampoco pode manifestar o acordo e solicitou a súa supresión no trámite de Ditame. En primeiro lugar establece un prazo de 5 anos para considerar a redución de Emprego, que se contradí con prazo de 10 anos posterior. Por outra banda a mención que se establece neste novo artigo prexudicaría a viabilidade de empresas en procesos de reestruturación ou de insolvencia o que impediría o mantemento do proxecto empresarial.

#### **Artigo 5. Desenvolvemento de indicadores cuantitativos. Emenda de modificación.**

O grupo segundo considera que os empregos netos deberan referenciarse non só ao ámbito da contorna local senón que tamén no eido da Comunidade Autónoma como se recolle no texto do Anteproxecto.

En canto á modificación da letra m) para o Grupo segundo é adecuado o manter a cifra prevista de exportación anual media, a exportación non é contraditoria coa posibilidade do peche do ciclo que se sinala na proposta de ditame.

Novo texto proposto:

En coherencia coa consideración realizada ao artigo 4, o CES estima que se debería de redactar o apartado 1 do artigo 5, incluíndo que a Administración autonómica desenvolverá e aplicará indicadores cuantitativos que, conforme o previsto ao regulado no artigo 4 desta Lei e as metodoloxías internacionalmente aceptadas para tal fin, poidan permitir a valoración do impacto social e económico dos proxectos.

O CES considera que no apartado e), despois de “empregos directos e indirectos netos” debería engadirse “de calidade no ámbito local e “. En xeral, o CES entende que os indicadores deben medir especialmente o impacto nas zonas de implantación, sen prexuízo de valorar tamén o devandito impacto no ámbito autonómico.

#### **Artigo 7 bis**

O grupo segundo manifestou a súa desconformidade coa redacción da proposta de Ditame polos mesmos motivos sinalados con respecto ao art. 4.

#### **Artigo 10. Contido do estudo de impacto ambiental.**

A redacción da proposta pare dunha valoración negativa (discrecional) da actuación da Administración que o grupo segundo non comparte.

Texto proposto:

O CES entende que neste artigo hai unha falta de concreción debendo procederse a un maior desenvolvemento do mesmo e ao establecemento de guías metodolóxicas para que poidan ser tidas en conta polo promotores.

**Artigo 11. Emenda de modificación do primeiro parágrafo da consideración.**

No texto do Anteproxecto xa se incorporan as formas de prevención, corrección e de ser o caso compensación dos efectos adversos sobre os servizos ecosistémicos, así como a súa conservación, recuperación e uso sustentable, polo que o grupo segundo propuxo unha redacción alternativa na liña da simplificación e axilidade do trámite.

Nova redacción:

- Todos os proxectos a instalar teñen que vir acompañados dun estudo da posible perda dos servizos ecosistémicos que ocasionaría a instalación do proxecto solicitado co fin de rexeitar ou adoptar unha ou varias das seguintes modalidades:

**Artigo 17.**

O grupo segundo non manifesta o acordo con esta proposta por canto modifica os criterios establecidos no anteproxecto para os PPAs. O fomento e promoción dos contratos PPAs no texto do Anteproxecto merecen unha valoración positiva do Grupo segundo.

Texto alternativo proposto polo Grupo segundo:

Os PPAs son un instrumento que permite asegurar á industria en especial, prezos estables e competitivos, reducindo riscos, polo que resulta importante e positivo o seu fomento.

Con todo, debería aclarar que é un “prezo competitivo”, e debido a que o devandito valor é obxectivo e non se deberían regular prezos, parece suficiente con que sexan proxectos renovables (custos competitivos) e de longo prazo.

Igualmente, o prazo de 8 anos como duración do contrato, podería reducirse a 5, permitindo unha maior flexibilidade e beneficiar a un maior número de proxectos, que á súa vez beneficiarán a un maior número de consumidores.

**Artigo 18.**

O grupo segundo propuxo a supresión deste artigo.

Os prazos da declaración ambiental están establecidos legalmente polo que non é preciso estipular un mínimo. Por outra banda non se comparte o incremento da distancia entre muíños eólicos a 1.500 metros, tendo en conta que a última modificación deste parámetro (5 veces a altura da máquina) produciuse non hai máis de

dous anos e encóntrase en parámetros de outros países do noso entorno.

Asemade non se comparte a eliminación do apartado 2 do artigo 18, que posibilita a implantación de parques eólicos fora das áreas do plan sectorial eólico, pero condicionado á viabilidade ambiental, que a subministración incluída no contrato de compraventa de enerxía supoña polo menos o 80% da enerxía producida así como o impacto socioeconómico no ámbito da Comunidade Autónoma e especialmente na zonas situadas no ámbito de influencia do proxecto.

**Art. 19.**

O grupo segundo manifestou o seu acordo coa necesidade de establecer no apartado 4 unha redacción máis taxativa de xeito que a Administración debería aprobar e publicar guías orientativas nun prazo regulamentariamente establecido, e propuxo unha redacción na liña seguinte.

Proposta de redacción proposta polo Grupo segundo:

O CES considera que se debería de engadir un apartado 1 que estableza a necesidade de ter en consideración na determinación da prevalencia ás traídas de augas veciñais .

O CES estima que deberían Incluírse tamén entre os criterios de elección dos anteproxectos a valoración dos seus beneficios sociais e económicos na forma que se estableza nos pregos de bases que deberán conter os requisitos do artigo 4.

O CES estima que no segundo parágrafo do apartado 4 do artigo 19, a redac-

ción debería ser máis taxativa, de xeito que a Administración debería aprobar e publicar guías orientativas nun prazo regulamentariamente establecido.

### **Título Terceiro e artigo 32.**

O grupo segundo manifesta o seu desacordo cunha proposta que estende a figura do canon a calquera infraestrutura asociada e liñas de evacuación de instalacións de produción de enerxía, cuestión que vai máis aló do texto proxectado repercutindo no custo da produción de enerxía a través dunha maior presión recadatoria ás empresas.

Na súa opinión deberá eliminarse esta consideración do Ditame ademáis de valorarse que os beneficiarios sinalados nos puntos 1 e 2 do art. 33 da proposta de redacción do Anteproxecto o deberían ser ao mesmo nivel sen establecer diferencias ou preferencias entre beneficiarios, como as que se establecen no art. 33.1 ao incluír o concepto de “principais beneficiarios”.

### **Artigo 46.**

O grupo segundo considerou a modificación do terceiro parágrafo no seguinte senso:

O CES considera que no apartado 5 do artigo 46, debería incluírse aos concellos, comunidades de montes e/ou ás súas organizacións dentro dos competentes para realizar propostas en orde a determinar a tipoloxía de actuación e as operacións concretas ás que estará destinadas o fondo.

### **Artigo 51. Normas de aplicación directa para as instalacións ou infraestruturas para produción de enerxías renovables en áreas empresariais. Proposta de supresión.**

O grupo segundo non comparte a consideración da proposta de Ditame que ven a sinalar aspectos dubidosos na redacción do Anteproxecto que poden entrar en conflito con outras normas. O obxectivo do Anteproxecto no título quinto aborda os proxectos de autoconsumo nas áreas empresariais de Galicia para facilitar o seu desenvolvemento.

As normas contidas neste título teñen como obxectivo fomentar a implantación de instalacións ou infraestruturas que contribúan ao autoconsumo, eficiencia enerxética e sustentabilidade das empresas instaladas en parques empresariais da Comunidade Autónoma, favorecendo o impacto social, económico e ambiental destas modalidades de xeración de enerxía.

O anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia pretende regular a utilización destes recursos atendendo a criterios ambientais e tamén a factores socioeconómicos que permitan despregar unha política ambiental xusta coa poboación e os territorios.

**Artigo 55. Emenda de modificación.**

Con respecto á consideración a este artigo o Grupo segundo estima que é a normativa de expropiación forzosa a que regula os aspectos a ter en conta en canto á determinación do xustiprezo e propón a súa substitución por unha consideración que estableza a declaración de utilidade pública a efectos expropiatorios das instalacións de autoconsumo con excedentes, engadindo unha redacción como a seguinte:

2. Asemade, terán a consideración de instalacións de produción aos efectos do artigo 54 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, as instalacións de autoconsumo con excedentes e as súas infraestruturas de conexión.

**Artigo 64.**

O grupo segundo non coincide na proposta de supresión do art. 64 do Anteproxecto de Lei e propón a substitución da consideración pola seguinte redacción:

Se ben SOGAMA podería ter un dereito preferente para a adquisición do biogás procedente da biometanización dos seus residuos municipais para a decarbonización do seu proceso, no caso do tratamento conxunto de materia

orgánica de residuos municipais e residuos do sector agrogandeiro e agroalimentario, é importante que o biometano producido sexa adquirido en condicións de mercado co obxectivo de reducir o canon para ofertar á industria e que facilite cumprir cos seus deberes de xestión, en coherencia co sinalado no 64.3 do anteproxecto.

**Artigo 65. Proposta de adición.**

O grupo segundo propuxo a adición dun novo artigo 65, co seguinte texto ou similar:

Para os efectos do previsto nos tres artigos anteriores, as instalacións ou infraestruturas dedicadas á biometanización dos residuos orgánicos mencionados para a produción de biogás e/ou biometano, incluídas as instalacións de dixestión anaerobia para a produción de biogás e as instalacións de upgrading para a produción de biometano, así como as súas redes de transporte, conexións a sistemas ou infraestruturas xerais ou redes de subministración, poderán ser cualificadas como infraestruturas de utilidade pública ou de interese social na resolución administrativa pola que se autoricen ditas instalacións ou infraestruturas. Así mesmo, poderán ser cualificadas como equipamentos nos instrumentos de plan urbanístico ou territorial e nos proxectos de urbanización correspondentes.

De acordo con o principio de proximidade sinalado no artigo 9 da Lei 7/2022, as plantas de biometanización deberían estar localizadas o máis próximas posible das fontes de produción dos residuos para tratar. Por iso, atendendo á orixe dos residuos mencionados, estas instalacións estarán situadas maiormente en chan rústico. Por tanto, para procurar a valorización integral dos residuos con alto potencial de biometanización xerados na Comunidade Autónoma de Galicia de acordo con o artigo 62 e en aras da axilidade e simplificación dos trámites necesarios para a súa correcta autorización, propónse a adición deste artigo 65.

**Disposición Adicional Primeira: Consideración dos posibles efectos acumulativos e sinérxicos na EIA de proxectos de parques eólicos de competencia autonómica.**

O grupo segundo non comparte a consideración con respecto a esta Disposición adicional e propuxo a seguinte redacción:

Da redacción actual despréndese que a Xunta segue considerando que unha avaliación dos efectos acumulativos e sinérxicos é igual de garantista que unha EIA conxunta, o cal pode seguir chocando con certa xurisprudencia. Propoñemos que a necesidade de facer un EsIA conxunto e acumular a EIA non só pódase apreciar o órgano ambiental – o cal pode supoñer atrasos moi relevantes – senón que o propio promotor, se aprecia esta “identidade substancial” ou “íntima conexión” entre as súas instalacións, en aras a unha maior seguridade xurídica, poida directamente elaborar un EsIA conxunto e solicitar unha EIA conxunta, sen prexuízo está claro da súa autorización separada. Tamén suxerimos obxectivar a “zona de influencia” do proxecto, por exemplo, mediante a inclusión dun radio de distancia para xeración/conexión. A redacción quedaría co seguinte tenor ou similar:

1. Na avaliación de impacto ambiental que se realice nos procedementos de autorización de proxectos de parques eólicos de competencia autonómica deberanse ter en conta, en particular, os posibles efectos significativos acumulativos e sinérxicos dos demais parques eólicos en funcionamento, en construción, con autorización administrativa, con declaración de impacto ambiental ou con informe de impacto ambiental ou en tramitación, sobre os factores indicados no artigo 35.1 letra c) da Lei 21/2013, de 9 de decembro, situados dentro da zona de influencia do proxecto, que compartan acceso, infraestruturas de evacuación e/ou outra infraestrutura asociada. Para estes efectos, considerarase zona de influencia do proxecto un radio de [...] ~~aquela en que se manifesten os seus posibles efectos significativos.~~

Cando se trate de proxectos de parques eólicos en tramitación, o órgano ambiental, de oficio ou a solicitude do interesado, de conformi-

dade co establecido na disposición adicional undécima da Lei 21/2013, de 9 de decembro, poderá acordar a acumulación de procedementos de avaliación de impacto ambiental, cando se aprecie que a existencia de identidade substancial ou íntima conexión entre eles.

2. Para permitir a análise do indicado no número anterior, os estudos de impacto ambiental ou os documentos ambientais que elaboren os promotores dos distintos proxectos deberán incluír no seu contido unha análise específica dos indicados efectos acumulativos ou sinérxicos, ou ben, en caso de acumulación dos procedementos de avaliación de impacto ambiental, ser conxuntos para todas as instalacións cuxa avaliación de impacto ambiental se teña decidido acumular nun único expediente.

3. O indicado no número 1 en canto á avaliación ambiental dos posibles efectos significativos acumulativos e sinérxicos, á compartición de accesos e infraestruturas, e á eventual acumulación das avaliacións de impacto ambiental, non obsta para a consideración da autonomía de cada proxecto de parque eólico para efectos da súa autorización independente, atendendo á definición de parque eólico recollida no artigo 2.1 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. Para estes efectos, para a autorización independente de cada parque eólico, e sen prexuízo do disposto no número 1 desta disposición, teranse en conta o carácter unitario de cada parque e a súa consideración autónoma e independente, sempre que teña capacidade de funcionamento separado, aínda que comparta infraestruturas con outros parques de acordo co indicado na normativa estatal do sector eléctrico. Tampouco afectará a autonomía e independencia de cada parque, nos termos indicados, o feito de que poidan existir nas súas proximidades outros parques promovidos polo mesmo promotor, sempre que se xustifique que iso vén determinado por un uso racional das posibilidades de explotación ofrecidas polo terreo.

**Disposición Adicional terceira: Declaración de interés público superior de parques eólicos de competencia autonómica.**

O grupo segundo propuxo mellorar a redacción no seguinte tenor ou similar:

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2022/2577 do Consello de 22 de decembro de 2022 polo que se establece un marco para acelerar o desprego de enerxías renovables, nos procedementos de autorización de parques eólicos de competencia autonómica cuxa data de inicio estea comprendida entre o 30 de decembro de 2022 e o 30 de xuño de 2024, así como aqueles que se iniciaran con anterioridade e nos que non recaese resolución definitiva antes do 30 de decembro de 2022, presumirase que se trata de proxectos de interese público superior e que contribúen á saúde e a seguridade públicas aos efectos previstos no artigo 3 do referido Regulamento, introducíndose así unha presunción de que os proxectos de enerxías renovables son de interese público superior a efectos da lexislación medioambiental pertinente, sendo contraria, por tanto, a dita normativa comunitaria, a formulación dunha declaración de impacto ambiental negativa fundamentada na alusión ao principio de precaución.

**Disposición derradeira segunda. Modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.**

O grupo segundo non compartiu a eliminación das excepcións sinaladas nesta Disposición derradeira segunda e propuxo o seguinte texto de modificación (sustitución).

Novo texto proposto polo Grupo segundo:

A través desta disposición modifícase a lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o proveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o

Fondo de Compensación ambiental, e engádense tres novos puntos na disposición adicional terceira da Lei 8/2009.

No punto 3 establécese que para iniciar a tramitación de calquera expediente dunha infraestrutura de evacuación será requisito necesario que o parque eólico dispoña de permiso de acceso e conexión.

O esixir dispoñer do permiso de acceso para o inicio da tramitación non é homoxéneo co establecido a nivel estatal, onde se pode avanzar na tramitación ata a obtención da autorización Administrativa sen necesidade de obter o permiso de acceso.

Parece conveniente poder avanzar na tramitación de maneira que o permiso de acceso obtéñano os proxectos máis maduros, e por homoxeneidade coa tramitación Estatal.

No punto 4 establécese que, como norma xeral, e salvo xustificación expresa da imposibilidade de facelo doutra maneira, non se admitirán a trámite novas infraestruturas de evacuación cunha lonxitude de máis de 15 km, salvo que se trate de infraestruturas colectoras de varios parques eólicos e estas non teñan unha lonxitude superior a 0,3 km por megawatt conectado a elas.

En relación coa regra xeral de inadmisión de liñas de máis de 15 km, consideramos que debería ampliarse este límite a 20 km por razóns debidamente motivadas e exceptuarse as liñas directas ou dedicadas de instalacións de autoconsumo industrial.

7 de decembro de 2023





